

NOTA INFORMATIVA

Recollida de información da Enquisa a Entidades prestadoras de Servizos Sociais

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza o 18 de febreiro, o proceso de recollida de información da Enquisa a Entidades prestadoras de Servizos Sociais 2017-2018.

Esta enquisa recóllese no Programa estatístico do ano 2020, dentro da operación “2506-06-OE05” e diríxese a empresas, institucións sen fins de lucro e persoas físicas cuxa actividade principal clasifícase nas divisións da CNAE 2009: 87 (asistencia en establecementos residenciais) e 88 (actividades de servizos sociais sen aloxamento). A información solicitada fai referencia á actividade desenrolada nos anos 2017 e 2018.

O traballo de campo consistirá na recollida de información a través dun cuestionario electrónico. As preguntas deste cuestionario teñen como obxectivo mellorar a información de base de dúas ramas de actividade do noso sistema de Contas.

A información obtida ten unha dobre finalidade:

-difusión dos principais resultados na web do IGE

-apoio a outras operacións estatísticas relacionadas co Sistema de Contas Económicas de Galicia.

Ademais, conta tamén cun módulo adicado ao estudo do investimento nestas entidades e da oferta de prazas (residenciais ou non).

Confidencialidade

As entidades seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará a normativa que garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE. En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

As estatísticas incluídas no Plan galego de estatística e no programa anual terán a obrigatoriedade de colaboración cidadá (Artigo 18 da Lei Estatística de Galicia).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Información enquisas: 900 102 104

FAX: 900 812 899

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estadistica

Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>